



PLANTA BAIXA 1. Equipamento cultural. Pazo Dona Urraca 2. Acceso a vivendas rúa Miño 19 e 21 3. Praza elevada sobre xacemento arqueolóxico 4. Acceso ao xacemento arqueolóxico 5. Acceso a vivendas edificio II 6. Acceso a vivendas edificio I 7. Locais comerciais - municipais 8. Vivenda unifamiliar nova planta 9. Viv. unifamiliar rehabilitada. Falcón 16 10. Viv. unifamiliar rehabilitada. Falcón 18




MOVILIDADE - ESPAZO PÚBLICO


- Espazo público peonil
- Tecido residencial
- Equipamento cultural
- Espazos verdes
- Xardíns privados
- Soportais e pasos cubertos
- Circulacións peonís
- Conexión rúa Miño - Nova praza

USOS - ESPAZO CONSTRUIDO


- | | | | |
|---------------------------------|---|--------------------------------------|-------------------------|
| Equipamento cultural | Edificio plurifamiliar - Nova planta | Baixos comerciais - municipais | Rochos |
| Praza pública sobre o xacemento | Edificio plurifamiliar - Rehabilitación | Vivenda unifamiliar - Rehabilitación | Xardíns privados |
| | | Vivenda unifamiliar - Nova planta | Espazos verdes públicos |




PLANTA BAIXA



PLANTA PRIMEIRA



PLANTA SEGUNDA



BAIXOCUBERTA

IMPLANTACIÓN NA CIDADE

O conxunto do proxecto sitúase no entorno da porta miñá da muralla romana de Lugo, na área suroeste do burgo medieval. as tipoloxías tradicionais do contorno constan, por norma xeral, de baixo mais dúas alturas. Na zona de intervención, isto xera unha relación física e visual entre o caserío e a muralla, colocándose as edificacións conforme ao desnivel descendente do terreo, dende Rúa Miño ata Rúa do Moucho, lindante coa muralla, cunha variación de cota de uns cinco metros.

A proposta trata de manter esas relacións de escala e visuais que xunto coa presenza dos restos dunha domus romana no chamado Sector I do ámbito lle dan potencia ao lugar, manifestando a evolución urbá de Lugo desde o asentamento romano ata actualidade. Os novos edificios de vivendas, respectan a escala do existente e se adaptan a ela, e coa súa xeometría conforman a rúa e estruturan o movemento peonil no ámbito, creando pasaxes entre eles e por debaixo dos mesmos que conectan as rúas do perímetro coa nova praza central cara a que miran as súas fachadas e as do pazo de Dona Urraca. así se consegue unha gran permeabilidade entre a rúa e a praza central, baixo a que se atopan os restos do xacemento romano. A praza transitábel entre a rúa e a praza central, baixo a que se atopan os restos do xacemento romano. A praza transitábel do xacemento, a uns catro metros sobre as ruínas, preserva o valor patrimonial dos restos arqueolóxicos e os prepara para o seu estudo e posible musealización.

O novo espazo público entre o pazo de dona urraca e a muralla permite a reunión e o xogo, e a celebración de eventos sociais ligados ao novo equipamento cultural que acollerá o pazo. vai salvando o desnivel existente entre o pazo e a Rúa do Moucho sen discontinuidades facilitando a conexión peonil accesible en todo o ámbito. A pavimentación da praza, se fará cos mesmos pavimentos tradicionais que existen en toda esa zona: lousa e adoquín de pedra de granito e pavimentos de chapacuíña de lousa, favorecendo a súa integración no tecido urbano medieval e a continuidade formal e ambiental co mesmo, cunha absoluta vocación de anonimato.



VISTA DENDE O PAZO DE DONA URRACA Á NOVA PRAZA PÚBLICA